

BANDO

PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGO ÚNICO POR FILLA/O A CARGO MENOR DE 3 ANOS

Infórmase á veciñanza que a **Consellería de Política Social**, abriu o prazo de presentación de solicitudes da **Prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos para o ano 2017**.

Requisitos:

- Que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que na data da solicitude as nenas e/ou nenos convivan coa persoa solicitante
- Que as filla e/ou fillos sexan menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2017(nacidos entre o 2/1/2014 e o 1/1/2017, inclusive)
- Que durante o ano 2015, ningún membro da unidade familiar presentase declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) correspondente a este período (por ter a obriga ou presentala de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso).

Tipo de axuda e contía:

A prestación consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos sen que a mesma filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación. A contía será a seguinte:

- Cando sexa a primeira filla ou fillo: 360 euros.
- Cando sexa a segunda filla ou fillo: 1.200 euros.
- Cando sexa a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros.

Documentación a achegar coas solicitudes:

▪ Novas solicitudes:

- * Libro de familia
- * Certificados de empadramento conxunto de toda a unidade familiar.
- * Sentenza de separación ou divorcio, se é o caso
- * Resolución da Adopción ou Tutela, se é o caso
- * Acreditación da monoparentalidade, se é o caso
- * Código IBAN da conta bancaria.
- * Declaración de Axudas, de non ter débedas coa Seguridade Social e Autorización para a verificación de datos en Facenda

▪ Perceptoras no ano 2016:

- * Resolución do ano anterior co número de expediente
- Se variaron as circunstancias acreditación documental

Prazo:

Do 4 de abril ao 29 de maio

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 10:30 a 13:30 horas, e martes e venres de 9 a 13:30 horas** (TEL. 986564409, email: ssociais@pontecesures.org).

Pontecesures, 3 de abril de 2017

O ALCALDE,

Juán Manuel Vidal Seage